

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 22 de decembro de 2021 pola que se redistribúen os créditos orzamentarios por epígrafes recollidos na Resolución do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica para os anos 2021-2022, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN421S).

Mediante a Resolución do 25 de xuño de 2021 que foi publicada no DOG número 128, do 7 de xullo, establecéronse as bases reguladoras e se anunciou a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica.

O artigo 3.1 das bases reguladoras prevé a posibilidade de redistribuír o orzamento se nalguna das epígrafes non se rexistraron solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles e noutra das epígrafes existe listaxe de espera. O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 1 de decembro e non se rexistraron solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles na epígrafe correspondente a empresas e, porén, non se dispón de dispoñibilidade orzamentaria suficiente na epígrafe correspondente a Administración local.

O artigo 31 do Decreto 11/2009 establece que cando a contía total máxima das subvencións convocadas se distribúa entre distintos créditos orzamentarios, a alteración da dita distribución non precisará de nova convocatoria pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

Por todo o anterior, e dado que nas aplicacións orzamentarias correspondentes existe crédito dispoñible e coa finalidade de incrementar a eficacia administrativa e a eficiencia na asignación de recurso públicos, maximizando o impulso de proxectos de enerxía fotovoltaica,

RESOLVO:

Primeiro. Redistribuír os fondos destinados ás subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica para as anualidades 2021-2022, en función do volume de solicitudes reci-



bido, e modificar a táboa do artigo 3.1 da Resolución do 25 de xuño de 2021 do seguinte xeito:

– Modificación orzamentaria:

Beneficiarios axudas	Fondos iniciais	Modificación	Fondos finais
Empresas	4.175.000,00 €	-370.000,00	3.805.000,00 €
Administración local	200.000,00 €	370.000,00 €	570.000,00 €
Entidades sen ánimo de lucro	125.000,00 €	0,00 €	125.000,00 €
Total	4.500.000,00 €	0,00 €	4.500.000,00 €

– Dotación orzamentaria final:

Beneficiarios axudas	Anualidade 2021	Anualidade 2022	Aplicación orzamentaria
Empresas	2.930.000	875.000	06.A3.733A.770.7
Administración local	470.000	100.000	06.A3.733A.760.8
Entidades sen ánimo de lucro	100.000	25.000	06.A3.733A.781.7
Total	3.500.000	1.000.000	4.500.000 €

Segundo. A presente modificación, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non implicará a modificación do prazo establecido para presentar solicitudes.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2021

Paula María Uría Traba
Directora da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

